

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(619).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia.

2(620).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO EN PRAIAS DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 142108/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/06/17, o informe de fiscalización do 22/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/17, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á

xefatura de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 20.06.2017 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo de seguridade e accesibilidade para o baño en praias de persoas con mobilidade reducida, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social, en coordinación co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación emitido pola Xefa do Servizo de Benestar social o 20.06.2017.
- Resolución da Concelleira de Política Social do 20.06.2017 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe de Área o 20.06.2017.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación daquel servizo, por procedemento negociado sen publicidade, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 20.06.2017.
- Informe favorable ó PCAP da Asesoría Xurídica municipal do 21.06.2017.

I. NORMATIVA RELACIONADA

- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.

- L.51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- R.D.505/2007, do 20 de abril, polo que se aprobaron as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
- Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
- L.26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
- L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas (Art. 115).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1.O obxecto deste contrato é a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida, que ten por finalidade prestar un conxunto de atencións ás persoas con mobilidade reducida para que poidan acceder ó baño en dúas praias de Vigo con plenas garantías de seguridade.

III.2. De acordo co disposto no Art 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos municipais. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 20.06.2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 109 do TRLCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola xefatura de Área de Benestar Social e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado pola xefatura do Servizo de Contratación.

III.4. Tendo en conta súa contía (43.000 €/ano, IVE incluído), o procedemento proposto para esta contratación é o negociado sen publicidade (Arts. 138, 169, 174 TRLCSP e ccdtes.).

III.5. En cumprimento do disposto nos artigos 115, Disposición adicional segunda, Apdos. 7º e 8º do TRLCSP e Disposición adicional oitava da LRBRL, emitiuse pola Asesoría xurídica do Concello de Vigo informe favorable ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

III.6. O Art. 109.3 do TRLCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.7. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, pfo. 3º, do TRLCSP. A resolución, segundo o Art. 110.1 do TRLCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento negociado sen publicidade, do servizo de seguridade e accesibilidade para o baño en praias de persoas con mobilidade reducida do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 20.06.2017 e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (43.000 €/ano, IVE incluído), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.09 dos orzamentos municipais (“*Outras actividades grupos desfavorecidos*”) e á súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista, aplicando o procedemento negociado sen publicidade e debendo reaar a mesma no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, logo de efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(621).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “I TRAVESÍA NOCTURNA CONCELLO DE VIGO” O VINDEIRO DÍA 24 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15912/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/17, asinado polo Director deportivo e xefe da Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Segundo petición de data 10/03/2017 (nº rexistro de entrada 170036596), o CLUB NATACIÓN RIAS BAIXAS ten previsto organizar o vindeiro sábado 24 de xuño de 2017 a I TRAVESÍA NOCTURNA CONCELLO DE VIGO.

Esta proba deportiva, ten previsto o seu desenvolvemento nas instalacións da ETEA, entre as 21.45 horas e as 23.30 horas.

O devandito evento xa se notificou á Policía Local e a Protección Civil. Tamén conta cos permisos do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e da Autoridade Portuaria de Vigo.

O evento conta coa cobertura dunha póliza de responsabilidade civil e dun seguro de accdientes, ambos os dous suscritos pola entidade organizadora.

Visto o anterior , propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar ao CLUB NATACIÓN VIGO RIAS BAIXAS, a desenvolver o vindeiro sábado 24 de xuño de 2017, a I TRAVESÍA NOCTURNA CONCELLO DE VIGO. A dita proba terá lugar nas instalacións da ETEA, nun horario comprendido entre as 21.45 horas e as 23.30 horas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(622).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA XXXIV CARREIRA DE SAN XOAN O VINDEIRO DÍA 23 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15758/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/17, asinado polo Director deportivo e xefe da Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Agrupación Viguesa de Atletismo, con CIF (G-36645109), solicitou o día 16-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160155020), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXXIV CARREIRA DE SAN XOAN
- Data: 23 de xuño de 2017
- Horario: 21.00 A 22.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro venres 23 de xuño de 2017, a proba terá a súa saída dende a Praza do Rei ás 21.00h e percorrerá polas seguintes rúas: Camelias, Romil, Pi y Margall, López Mora, Boo, Coruña, Bouzas, Beiramar para rematar na Ribeira do Berbés as 22.00h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao

que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Agrupación Viguesa de Atletismo, con CIF (G-36645109), a organizar o vindeiro venres 23 de xuño de 2017, o evento deportivo denominado XXXIV CARREIRA DE SAN XOAN, a proba terá a súa saída dende a Praza do Rei ás 21.00h e percorrerá polas rúas, Camelias, Romil, Pi y Margall, López Mora, Boo, Coruña, Bouzas, Beiramar para rematar na Ribeira do Berbés as 22.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(623).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO DE POP NACIONAL LA OREJA DE VAN GOGH NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 7003/335.

Visto o informe xurídico do 21/06/17 e o informe de fiscalización do 22/06/17, dáse conta do informe-proposta do 22/06/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada de Festas e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

INFORME

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 30 de maio de 2017, rectificando o 9 de xuño, relativo á selección de propostas para as actuacións artísticas do programa "Vigo en Festas 2017", resolveuse no punto primeiro a

contratación do espectáculo do grupo pop nacional LA OREJA DE VAN GOGH a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 14 de xullo de 2017 a favor da empresa TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES, SL, con CIF B-95.518.239, por importe de 42.350,00 euros, co IVE incluído.

Con data 6 de xuño de 2016, a xefa do servizo de Festas solicítalle a “TROPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES, S.L.”, mediante correo electrónico a confirmación da posesión da exclusividade artística para a actuación do grupo LA OREJA DE VAN GOGH, e, en caso afirmativo presuposto, rider técnico de luces e son e “catering”.

Na mesma data a empresa achega:

- Confirmación da actuación do grupo no Auditorio de Castrelos de Vigo o día 14 de xullo;*
- Documento de exclusividade artística en donde D. Inigo Argomaniz Bengoechea, representante del grupo LA OREJA DE VAN GOGH e apoderado da sociedade TROPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES, S.L., ostenta a exclusividade para a contratación do antedito grupo.*
- Presuposto de contratación artística por importe de 35.000 € máis 7.350,00 € que fai un total de 42.350,00 €.*
- Rider técnico dos equipos de luces, son e “catering”.*

Así mesmo, e tras diversas conversas técnicas coa responsable da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos de grupo nacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán, pero dado o atraso no inicio de expediente para a contratación artística do grupo, o expediente 7003-334 non incluírá os equipos de luces e son e máis o catering, para os que o servizo de festas solicitará presuposto a outras empresas especializadas.

O custo da actuación artística do grupo nacional LA OREJA DE VAN GOGH no Auditorio ao Aire libre de Castrelos por un importe total de 42.350,00 € co ive engadido, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

Con respecto ao prezo e venda de entradas, o Concello de Vigo ten previsto por á venda 4.700 entradas ao prezo único de 3 euros, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Así mesmo e tras diversas conversas técnicas cos responsables da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos nacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.

TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L., CIF B-95.518.239, presenta un presuposto final por importe de 42.350,00 € que inclúe a actuación artística do grupo LA OREJA DE VAN GOGH por importe de 35.000 € máis 7.350 € en concepto de IVE.

Este concerto dá cobertura ao bloque de concertos nacionais do Auditorio de Castrelos e máis concretamente a tipoloxía de concertos de pop.

Con data 12 de xuño, a xefa do Servizo de Festas emite Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Coa mesma data, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para a contratación de prestación de servizos para actuación artística do grupo nacional de pop LA OREJA DE VAN GOGH no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 14 de xullo de 2017, a favor da empresa TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L. B-95.518.239 por importe de 42.350,00 euros.

A continuación, redactáronse a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato e o Prego de prescricións técnicas particulares, ambos os dous asinados pola xefa do Servizo de Festas e conformados pola concelleira delegada de Festas e Turismo, con data 12 de xuño e que se achegan ao expediente.

Posteriormente, remitiuse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante a redacción do Prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación que foi asinado con data 21 de xuño de 2017.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 21 de xuño de 2017.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística do grupo nacional de pop LA OREJA DE VAN GOGH no Auditorio de Castrelos o día 14 de xullo (expte: 7003/335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 12 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 21 de xuño de 2017.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 42.350,00 euros co IVE incluído (que inclúe contratación artística "cachet" mais o iva) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L, CIF B-95.518.239, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.500 entradas a un prezo único de 3,00 euros (venda anticipada e taquilla).

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(624).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO DE ROCK INTERNACIONAL “THE PRETENDERS” NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 6998/335.

Visto o informe xurídico do 16/06/17 e o informe de fiscalización do 22/06/17, dáse conta do informe-proposta do 20/06/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada de Festas e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

INFORME

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 30 de maio de 2017, rectificado o 9 de xuño, relativo á selección de propostas para as actuacións artísticas do programa “Vigo en Festas 2017”, resolveuse no punto primeiro a contratación do grupo de rock internacional “THE PRETENDERS” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 20 de xullo de 2017 coa empresa “DALE A LA DANZA, S.L.” CIF.: B-85169589 por un importe de total de 96.800,00 € (80.000 € máis 16.800 € de iva).

Con data 5 de maio, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunica mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación do grupo de rock internacional THE PRETENDERS por un importe de total de 96.800,00 € (80.000 € máis 16.800 € de iva), e solicita a confirmación da data o día 20 de xullo para a realización do concerto no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2017. (Achégase ao expediente)

Postos en contacto coa empresa “DALE A LA DANZA, S.L.” CIF.: B-85169589 confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do grupo, e a achega por correo electrónico. No documento de 4 de xuño D. Carlos Goyarrola Ispizua con DNI 14924550 B como administrador único de Carlos Goyarrola SLU CIF B 07748882, declara que ostenta os dereitos para contratar THE PRETENDERS en Vigo, e autoriza a DALE A LA DANZA, S.L.

para que realice en exclusiva a actuación do grupo THE PRETENDERS en Vigo o día 20 de xullo.

Con data 4 de xuño, DALE A LA DANZA, S.L., achega presuposto que contén os seguintes conceptos: contratación artística 80.000 €; equipos luces e son, backline 7.700 €; "catering" 1.500 € máis iva por importe de 18.732 € que fai un total de 107.932,00 €. A empresa achega ademais os "rider" de luces son e "catering".

Así mesmo, e tras diversas conversas técnicas coa responsable da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos internacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.

O custo da actuación artística do grupo internacional de rock THE PRETENDERS no Auditorio ao Aire libre de Castrelos por un importe total 107.932,00 € co iva incluído, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

Con respecto ao prezo e venda de entradas, o Concello de Vigo ten previsto por á venda 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 euros en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Este concerto daría cobertura ao bloque de concertos de rock internacionais no Auditorio de Castrelos dentro da programación das Festas de Verán 2017.

Con data 12 de xuño, a xefa do Servizo de Festas emite Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Coa mesma data, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para a contratación de prestación de servizos da actuación artística do grupo de rock internacional "THE PRETENDERS" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 20 de xullo de 2017 coa empresa "DALE A LA DANZA, S.L." CIF.: B-85169589 por un importe de total de un total de 107.932,00 € (80.000 €; equipos luces e son, backline 7.700 €; "catering" 1.500 € máis iva por importe de 18.732 €).

A continuación, redactáronse a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato e o Prego de prescricións técnicas particulares, ambos os dous asinados pola xefa do Servizo de Festas e conformados pola concelleira delegada de Festas e Turismo, con data 12 de xuño e que se achegan ao expediente.

Posteriormente, remitiuse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante a redacción do Prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación que foi asinado con data 15 de xuño de 2017.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 16 de xuño de 2017.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei

de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do grupo de rock internacional "THE PRETENDERS" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 20 de xullo de 2017 (expediente: 6998-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 12 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 107.932,00 € (que inclúe contratación artística, equipos luces e son, backline, "catering" máis iva) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa "DALE A LA DANZA, S.L." CIF: B-85169589 que ostenta a exclusividade artística, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(625).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MIGUEL BOSÉ NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 6981/335.

Visto o informe xurídico do 16/06/17 e o informe de fiscalización do 22/06/17, dáse conta do informe-proposta do 22/06/17, asinado polo técnico medio de xestión do Servizo de Festas, a concelleira delegada de Festas e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

INFORME

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 30 de maio de 2017, relativo á selección de propostas para as actuacións artísticas do programa "Vigo en Festas 2017", resolveuse no punto primeiro a contratación do artista nacional MIGUEL BOSE a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 25 de xullo de 2017 por un importe de 93.170 € (que inclúe cachet máis equipos de luces, son e ive) a favor de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-27778141.

Con data 31 de marzo, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunícalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación do artista nacional por un importe de 93.170 € que inclúe cachet máis equipos de luces, son e ive, e solíciatlle a confirmación da data o día 25 de xullo para a realización do concerto no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2017.

A empresa CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-27778141 achega o documento onde PLANET EVENTS, S.A.U afirma que ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do artista MIGUEL BOSE para España no ano 2017, e que autoriza a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. para organizar na súa condición de promotor o concerto do citado artista que terá lugar o día 25 de xullo de 2017 no Auditorio de Castrelos de Vigo. (Achégase documento ao expediente)

O Servizo de Festas solicita a empresa CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. as condicións técnicas que conleva o desenvolvemento do espectáculo no Auditorio de Castrelos, así como o rider técnico de luces e son e catering.

Asímesmo e tras diversas conversas técnicas coa responsable da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos nacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.

Con data 10 de maio, CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., presenta a petición do servizo de Festas, un presuposto final por importe total de 94.305 €. Este presuposto inclúe a actuación artística (cachet) máis equipo de luces e son por importe de 77.000,00 €; e catering por importe de 938,02 € máis 16.366,98 € en concepto de ive.

O custo da actuación artística de MIGUEL BOSE no Auditorio ao Aire libre de Castrelos por un importe total de 94.305 € co ive incluído, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

Con respecto ao prezo e venda de entradas, o Concello de Vigo ten previsto por á venda 4.700 entradas ao prezo de 5 euros en venda anticipada e 7 € en taquilla, sendo o

beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Con data 2 de xuño, a xefa do Servizo de Festas emite Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Con data 5 de xuño, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para a contratación de prestación de servizos para actuación do artista nacional MIGUEL BOSE a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 25 de xullo de 2017 por un importe de 94.305 € (que inclúe cachet máis equipos de luces, son, catering e ive) a favor de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-27778141.

A continuación, redactáronse a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato e o Prego de prescricións técnicas particulares, ambos os dous asinados pola xefa do Servizo de Festas con data 2 de xuño, e conformados pola concelleira delegada de Festas e Turismo, con data 5 de xuño, e que se achegan ao expediente.

Posteriormente, remitiuse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante a redacción do Prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación que foi asinado con data 15 de xuño de 2017.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 16 de xuño de 2017.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do artista nacional MIGUEL BOSE a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 25 de xullo de 2017 (expte: 6981-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de por un importe de 94.305 € (que inclúe cachet máis equipos de luces, son, catering e ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-27778141, tal e como se recolle no escrito de exclusividade que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 5 euros en venda anticipada e 7 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(628).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN DO ARTISTA INTERNACIONAL CARLOS VIVES NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 6985/335.

Visto o informe xurídico do 16/06/17 e o informe de fiscalización do 22/06/17, dáse conta do informe-proposta do 20/06/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada de Festas e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

INFORME

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 30 de maio de 2017, relativo á selección de propostas para as actuacións artísticas do programa "Vigo en Festas 2017", resolveuse no punto primeiro a contratación do espectáculo do artista internacional CARLOS VIVES a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 27 de xullo de 2017 por importe total de de 84.700 € que inclúe o "cachet" (70.000 €) máis (14.700 €) ive € a favor de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L.

Con data 10 de abril, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunícalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación do artista internacional por un importe de 84.700 € que inclúe o "cachet" (70.000 €) máis (14.700 €) ive, e solicítalle a confirmación da data o día 27 de xullo para a realización do concerto no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2017.

A empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-36998524 achega o documento donde PLANET EVENTS, S.A.U afirma que ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do artista CARLOS VIVES para España no ano 2017, e que autoriza a SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. para organizar na súa condición de

promotor o concerto do citado artista que terá lugar o día 27 de xullo de 2017 no Auditorio de Castrelos de Vigo. (Achégase documento ao expediente)

O Servizo de Festas solicita a empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. as condicións técnicas que conleva o desenvolvemento do espectáculo no Auditorio de Castrelos, así como o rider técnico de luces e son e "catering".

Así mesmo e tras diversas conversas técnicas coa responsable da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos internacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.

Con data 18 de maio, SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L., presenta a petición do servizo de Festas, un presuposto final por importe total de 109.989,00 €. Este presuposto inclúe a actuación artística (cachet) por importe de 70.000 €; equipo de luces e son por importe de 15.000 €; pantallas de vídeo e realización por importe de 3.000 €; transportes internos e catering por importe de 2.900 € e ive por importe de 19.089,00 €

O custo da actuación artística de CARLOS VIVES no Auditorio ao Aire libre de Castrelos por un importe total de 109.989,00 € co ive incluído, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

Con respecto ao prezo e venda de entradas, o Concello de Vigo ten previsto por á venda 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Este concerto daría cobertura ao bloque de concertos internacionais de música para todos os públicos no Auditorio de Castrelos dentro da programación das Festas de Verán 2017.

Con data 2 de xuño, a xefa do Servizo de Festas emite Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Con data 5 de xuño, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para a contratación de prestación de servizos para actuación artística do artista internacional CARLOS VIVES no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 27 de xullo de 2017, a favor da empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-36998524 por importe de 109.989,00 €..

A continuación, redactáronse a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato asinado pola Xefa do Servizo o día 2 de xuño, e o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do servizo o día 12 de xuño, e conformados pola concelleira delegada de Festas e Turismo, con data 5 de xuño e 12 de xuño respectivamente.

Posteriormente, remitiuse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante a redacción do Prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación que foi asinado con data 15 de xuño de 2017.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 16 de xuño de 2017.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do artista internacional CARLOS VIVES a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 27 de xullo de 2017 (expte: 6985-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 12 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 109.989,00 € que inclúe a actuación artística, equipo de luces e son, pantallas de vídeo e realización, transportes internos e catering e ive con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. ,B-36998524, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(629).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN DO GRUPO INTERNACIONAL “CRYSTAL FIGHTERS” NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE.6986/335.

Visto o informe xurídico do 16/06/17 e o informe de fiscalización do 22/06/17, dáse conta do informe-proposta do 20/06/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada de Festas e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

INFORME

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 30 de maio de 2017, relativo á selección de propostas para as actuacións artísticas do programa "Vigo en Festas 2017", resolveuse no punto primeiro a contratación do grupo internacional "CRYSTAL FIGHTERS" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 3 de agosto de 2017 a favor de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L.

Con data 20 de abril, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunícalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación do artista nacional por un importe de 96.800 € que inclúe o "cachet" (80.000 €) máis (16.800 €) iva, e solicítalle a confirmación da data o día 3 de agosto para a realización do concerto no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2017.

A empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-36998524 achega o documento donde HOUSTON PARTY, S.L. afirma que ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do grupo internacional "CRYSTAL FIGHTERS" para España no ano 2017, e que autoriza a SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. para organizar na súa condición de promotor o concerto do citado artista que terá lugar o día 3 de agosto de 2017 no Auditorio de Castrelos de Vigo. (Achégase documento ao expediente).

O Servizo de Festas solicita a empresa "SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L." as condicións técnicas que conleva o desenvolvemento do espectáculo no Auditorio de Castrelos, así como o "rider" técnico de luces e son e "catering".

Así mesmo e tras diversas conversas técnicas coa responsable da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos internacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.

Con data 18 de maio, SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L., presenta a petición do servizo de Festas, un presuposto final por importe total de 114.466,00 €. Este presuposto inclúe a actuación artística (cachet) por importe de 80.000 €; equipo de luces e son por importe de 12.000 €; transportes internos e catering por importe de 2.600 € e iva por importe de 19.866,00 €

O custo da actuación artística de CRYSTAL FIGHTERS no Auditorio ao Aire libre de Castrelos por un importe total de 114.466,00 € co iva incluído, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

Con respecto ao prezo e venda de entradas, o Concello de Vigo ten previsto por á venda 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Este concerto daría cobertura ao bloque de concertos internacionais de música para todos os públicos no Auditorio de Castrelos dentro da programación das Festas de Verán 2017.

Con data 2 de xuño, a xefa do Servizo de Festas emite Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Con data 5 de xuño, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para a contratación de prestación de servizos para actuación do grupo internacional "CRYSTAL FIGHTERS" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 3 de agosto de 2017 a favor de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. por importe de 114.466,00 € co iva incluído.

A continuación, redactáronse a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato asinado pola Xefa do Servizo o día 5 de xuño, e o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do servizo o día 5 de xuño, conformados ambos os dous documentos pola concelleira delegada de Festas e Turismo, con data 5 de xuño.

Posteriormente, remitiuse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante a redacción do Prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación que foi asinado con data 15 de xuño de 2017.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 16 de xuño de 2017.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do grupo internacional "CRYSTAL FIGHTERS" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 3 de agosto de 2017 (expte: 6986-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 114.466,00 € (que inclúe inclúe a actuación artística; equipo de luces e son; transportes internos, catering e iva) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. ,B-36998524, tal e como se recolle no documento de exclusividade que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(630).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONÍL DA ACTUAL REDE VIARIA, SUSCEPTIBLE DE SER COFINANCIADO POLO FEDER. EXPTE. 4468/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de AIN ACTIVE, S.L.U., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de maio de 2017, por non superar o umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de maio de 2017:

1. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
2. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	93,80
2	UTE FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, S.L.P. – CONSULTORA DE INGENIERÍA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L.	86,44
3	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	85,96
4	PROYFE, S.L.	84,75
5	UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y, S.L.N.E.U.	83,51
6	UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. – FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	80,95
7	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	76,84

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
5. *Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE (5.825,00 euros), esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente”).*

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.198,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o día 5 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida o 14 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento. No entanto, dado que a póliza do seguro de responsabilidade civil presentada por GOC, S.A. vence o 27 de xuño de 2017, o responsable do contrato deberá comprobar que a empresa dispoña da póliza esixida antes do inicio do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 3 e 30 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) por un prezo total de 140.965,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.465,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(631).- CONVENIO EXPROPIATORIO PARA A OBTENCIÓN POR MUTUO ACORDO E OCUPACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO FERIAL DE VIGO (IFEVI). EXPTE. 255/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e o Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- Antecedentes e Feitos

En data 10.10.2016 o Director xerente do IFEVI, fundación de interese galega, solicitou da Consellería de Económica, Emprego e industria, a tramitación e aprobación ao abeiro do pautado no laie 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, do proxecto básico nomeado “Ampliación das instalacións do instituto feiral de Vigo, promovido para tentar de dar solución aos problemas de falta de espazo do actual recinto feiral.

Con data do 28.11.2016 tivo entrada no Rexistro xeral desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU) baixo o núm. de doc. 160161116 un oficio do secretario xeral

técnico da Consellería de Economía, emprego e industria, polo que se solicita desta administración a emisión do informe previsto no apartado 4 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese (en diante LMMPPUEI); Coa solicitude achegábase copia da solicitude da fundación Instituto Feiral de Vigo (amentada no parágrafo anterior), proxecto básico de ampliación do instituto feiral suscrito polo arquitecto don Pedro de la Puente Crespo, en data setembro de 2016 e copia do informe da Dirección xeral de comercio de data 24.11.2016 que xustifica o excepcional interese público e a urxencia na importancia estratéxica e socioeconómica que representan os sectores naval e da pesca en Galicia.

Así as cousas, o día 18.01.2017, previa publicación no BOP e no Faro de Vigo dos anuncios preceptivos segundo o previsto no apartado 4 do artigo único da LMMPPUEI, a Vicepresidenta da XMU, resolveu informar favorablemente o proxecto que nos ocupa, *por ser claramente beneficioso para os intereses locais e pola necesidade de abordar estas actuacións de forma urxente*, establecendo entre outras consideracións e no que aquí nos interesa que o Concello de Vigo se compromete a levar a cabo as expropiacións necesarias para a execución da ampliación proposta.

Con data 20.01.2017 o Consello desta XMU, tomou coñecemento do fin de prazo de exposición pública do proxecto básico de ampliación do IFEVI e do contido da resolución do 18.01.2017 da vicepresidenta da XMU de ponderación dos intereses locais afectados e verbo da valoración do resultado da información pública do presente expediente.

En datas 18.01.2017 e 24.01.2017 a arquitecta municipal xefa da área técnica e a Técnico de Admon. xeral da oficina de licenzas, subscribiron senllos informes no que reflicten que para poder realizar a ampliación proposta é necesario realizar a expropiación de parte de tres parcelas cunha valoración total segundo o proxecto básico de 25.987,50 euros.

Con data do 27.01.2017, o Consello da XMU acordou, a proposta da Vicepresidenta da XMU, instar ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 52 da Lei de Expropiación Forzosa, a declaración de urxencia da expropiación do Proxecto de ampliación das instalacións do recinto feiral de Vigo (IFEVI), tramitado ao abeiro da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, simultánea á aprobación definitiva do devandito proxecto, o cal conlevaría dacordo co previsto no punto 6 do artigo único do mesmo corpo legal, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes, de conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común .

O nomeado proxecto básico, tal e como se indicou nos informes técnicos e xurídicos amentados no parágrafo anterior, reflicte como parcelas afectadas pola ampliación proxectada, as catastrais 231, 339 e 340 do polígono 48, sitas no termo municipal de Vigo, cunha cabida total de 2890 m², se ben esta relación de parcelas e superficies tal e como se reflicte no informe do responsable técnico do Inventario e Patrimonio que se extracta a continuación parte dunha delimitación parcelaria contida nuns planos catastrais que presentan erros.

Neste senso, en data 23.03.2017 o Responsable técnico do inventario e patrimonio, subscribiu informe tal e como se indicou no parágrafo anterior, no que se reflicte o que segue,

(...)1.- O Concello de Vigo é propietario dunha parcela de 106.112 m², adquirida por convenio expropiatorio entre o Concello de Vigo e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral para a retaxación do prezo xusto fixado convencionalmente para a adquisición por expropiación da parcela na que se empraza o Pazo de Exposición e Recinto Feiral de Vigo (aprobación Pleno en sesión do 19 de febreiro de 2003, hoxe propiedade núm. 539 do Inventario municipal, relacionado co revertible 451, do epígrafe 8 – Fundación do Instituto Feiral de Vigo).

2.- No Proxecto de ampliación das instalacións do Recinto Feiral de Vigo (IFEVI), presentado para o sometemento ao trámite de información pública da relación de bens e dereitos afectados vense afectadas tres parcelas catastrais núms. 232, 339 e 340 do polígono 48 do término municipal de Vigo cunha cabida total de 2.890 m².

3.- Feita a superposición dos planos da propiedade municipal núm. 539 do Inventario e plano aportado no expediente “Proxecto de Ampliación das Instalacións do Recinto Feira” se observa que 938 m² xa son de titularidade municipal, todo isto motivado por non reflectir no catastro a parcela municipal coa súa delimitación exacta, quedando a relación de bens e dereitos da seguinte maneira:

Situación	Ref. catastral	Superficie afectada	Titularidade
Peinador	54057A048002320000AL	1.615 m ²	C.M.V.M.C. de Cabral
Peinador	54057A048003390000AJ	200 m ²	C.M.V.M.C. de Cabral
Peinador	54057A048003400000AX	46 m ²	C.M.V.M.C. de Cabral
Peinador	Camiño catrastral	91 m ²	C.M.V.M.C. de Cabral

Achégase a documentación gráfica e xurídica da titularidade da parcela municipal, e planos da superposición.(...).

Dito informe é reiterado polo mesmo facultativo e co mesmo contido en data 19.06.2017.

Na mesma data a arquitecta municipal da oficina de planeamento e xestión subscribe informe co seguinte teor literal, “(...) A petición do Xerente Municipal de Urbanismo realízase informe sobre as superficies a expropiar que figuran no expediente e a valoración que lle correspondería aplicando a mesma cantidade recollida no Proxecto de Ampliación do IFEVI e a súa coïncidencia coa que se recolle na proposta do Convenio expropiatorio coa CMVMC de Cabral.

INFORME:

A cantidade asignada aos terreos de ampliación do IFEVI recóllese no documento denominado “MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO PÚBLICO DE URXENCIA E EXCEPCIONAL INTERESE PARA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)”. Dita Memoria e o “Proxecto Básico de Ampliación Instituto Feiral de Vigo” foron remitidos ao Concello de Vigo pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Na páxina 26 da “MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO PÚBLICO DE URXENCIA E EXCEPCIONAL INTERESE PARA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)” se recolle o seguinte:

“Expropiacións precisas recollidas do proxecto:

<i>Situación</i>	<i>Polígono</i>	<i>Ref.cat.</i>	<i>Superf. Afectada</i>	<i>Custo avaliado</i>
<i>Peinador</i>	<i>Parcela 232</i>	<i>54057ª048002320000AL</i>	<i>1.450 m2</i>	<i>13.702,50 €</i>
<i>Peinador</i>	<i>Parcela 339</i>	<i>54057ª048003390000AJ</i>	<i>200 m2</i>	<i>1.890 €</i>
<i>Peinador</i>	<i>Parcela 340</i>	<i>54057ª048003400000A</i> <i>X</i>	<i>1.100 m2</i>	<i>10.395 €</i>
TOTAL			2.750 m2	25.987,50 €

También se afectarían 140 m2 de una parcela camino público. Total 2.890 m2”.

Con estas cifras, e dividindo polos metros cadrados recollidos no cadro, deducimos que o prezo por metro cadrado que se aplicou e que se recolle nesta Memora é de 9,45€/m².

O Consello da Xerencia aprobou a relación de bens e dereitos e foi publicada no BOP e no Faro de Vigo.

No período de exposición pública foi presentado un escrito de alegacións por D.Luis Rodríguez Pérez (docnº170041320), no que se reclama a titularidade do camiño de 140 m2.

Con data 19 de xuño de 2017 o topógrafo municipal Responsable Técnico do Inventario e Patrimonio, informou:

“Feita a superposición dos planos da propiedade municipal núm.539 do Inventario e plano aportado no expediente “Proxecto de Ampliación das Instalacións do Recinto Feiral” se observa que 1.103 m² xa son de titularidade municipal, todo isto motivado por non reflectir no catastro a parcela municipal coa súa delimitación correcta, polo que a relación de bens e dereitos queda da seguinte maneira:

<i>Situación</i>	<i>Ref.catastral</i>	<i>Superficie afectada</i>	<i>Titularidade</i>
<i>Peinador</i>	<i>54054A048002320000AL</i>	<i>1.615 m²</i>	<i>C.M.V.M.C.de Cabral</i>
<i>Peinador</i>	<i>54054A048003390000AJ</i>	<i>200 m²</i>	<i>C.M.V.M.C.de Cabral</i>
<i>Peinador</i>	<i>54054A048003400000AX</i>	<i>46 m²</i>	<i>C.M.V.M.C.de Cabral</i>
<i>Peinador</i>	<i>Camiño catastrado</i>	<i>91 m²</i>	<i>C.M.V.M.C.de Cabral</i>

Achégase a documentación gráfica e xurídica da titularidade da parcela municipal e planos da superposición”.

*Segundo o informe da oficina de Cartografía a **SUPERFICIE TOTAL A EXPROPIAR é de 1.952 m²**, propiedade da C.M.V.M.C.de Cabral.*

Unha vez que a superficie total a expropiar foi reducida tras as comprobacións do Topógrafo municipal realizamos os seguintes cálculos:

DATOS RECOLLIDOS NA MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO PÚBLICO DE URXENCIA E EXCEPCIONAL INTERESE PARA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI):

- Cantidade total estimada 25.987,50 €*
- Superficie total a expropiar: 2.750 m²*
- 25.987,50/2.750 = **9,45 €/m²**.*

Sendo a superficie a expropiar 1.952 m²:

$1.952 \text{ m}^2 \times 9,45 \text{ €/m}^2 = 18.446,40 \text{ €}$

De xeito que, cos números extraídos desta Memoria que acompaña ao Proxecto de Ampliación do IFEVI, a cantidade que corresponde aos 1.952 m² será de 18.446,40 €.

A valoración total que se recolle na proposta de convenio examinada é de 18.446,40 €, polo tanto as cantidades son coincidentes (...)".

O 19.06.2017 (núm. de doc. 170090061) o arquitecto técnico redactor do proxecto don Pedro de la Puente Crespo achegaba no rexistro xeral desta XMU un CD que contén o proxecto de execución da ampliación do IFEVI de data xaneiro de 2017, en cuxa memoria concretamente no Anexo 6.4 baixo o epígrafe "Proxecto de expropiación" se recolle, entre outras, **a descrición individualizada dos bens e dereitos que serán obxecto de expropiación así como a valoración** de cada unha das parcelas afectadas.

Consta incorporado ao expediente o correspondente documento contable de retención de crédito de data 24.01.2017, núm. de operación 201700000 polo importe de 25.987,50 euros, que acredita a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente para poder acometer dito gasto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- RDLex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de aplicación,
- Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954,
- Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa,
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución desta lei,
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido en materia de Réxime Local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia,
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Lei 3/2016, do 1 de marzo, de Medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese,
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
- Outras disposicións que poidan afectar,

II.- Obxecto do convenio

Dito convenio expropiatorio ten por finalidade concretar o valor dos bens que son ou vaian a ser obxecto de expropiación (S.TS 16-II-2007, reiterando a doutrina recollida en S. 13-VII-1987, 1-X-1991, 4-V-1998, 22-III e 30-IV-1999 e S. TSXG 16-XI-2016), trátase dun acto administrativo específico que pon fin ao expediente, de conformidade co artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa e, por iso, a súa función é poñer fin ao expediente por mutuo acordo na adquisición dos bens consonte o citado artigo da Lei de Expropiación Forzosa, obrigando á Administración (Concello de Vigo) e ao expropiado (CMVMC de Cabral) pola vinculación de ambos aos seus actos propios.

III.- Partes intervinentes: Competencia

O artigo 24 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 establece que a administración e o particular a quen se refira a expropiación poderán convir a adquisición dos bens e dereitos afectados que son obxecto de aquela libremente e por mutuo acordo, en cuxo caso, unha vez convidados os termos da adquisición amistosa, se dará por concluído o expediente iniciado. No caso de que no prazo de quince días non se chegara a tal acordo se seguirá o procedemento que se establece nos artigos seguintes, sen prexuízo de que en calquera estado posterior a súa tramitación poidan ambas partes chegar a dito mutuo acordo.

No que atinxe á competencia municipal, os artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística.

Segundo pauta o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, resulta de aplicación o disposto no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando estipula que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición reguladora, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou enxerirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin. Axuizado o contido do convenio proposto, non se aprecia disposición ou cláusula algunha que contraveña o ordenamento xurídico.

Quedan tamén citados os artigos 1255 do Código Civil, e 310 LALG e invocado o dereito a participación cidadán nos asuntos públicos e no urbanismo recolleito no Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.

Pola súa banda, o artigo 4.1.c) e 4.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público exclúe do seu ámbito de aplicación a este tipo de convenios.

Xa que logo a subscripción de convenios expropiatorios, entre administracións públicas-Concello de Vigo-, e particulares- neste caso a CMVMC de Cabral, xustificase plenamente na lexislación tanto urbanística como administrativa.

IV.- Situación urbanística dos terreos

No vixente PXOM do Concello de Vigo (PXOU-93) os terreos nos que se empraza o actual recinto feiral e os necesarios para a ampliación clasifícanse como solo urbanizable non programado do núcleo de nova creación O4.24. COTOGRADE no ámbito do programa de actuación urbanística PAU6 pendente de desenvolvemento, polo tanto de conformidade co disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplicaráselle o disposto na dita lei para o solo rústico.

Ademais o recinto feiral inclúese entre os sistemas xerais nomeados do PXOU de 1993.

V. - Obtención dos terreos necesarios

O apartado 8 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, posibilita a presente obtención dos terreos para a execución das obras, ao establecer na súa literalidade que,
"(.....) se a execución dos proxectos públicos previstos neste artigo conlevase a necesidade de realizar actuacións expropiatorias, terá a condición de administración expropiante e beneficiario da expropiación o concello en cuxo termo municipal se executen as obras. O concello procederá á expropiación dos terreos e á transferencia posterior da súa titularidade ao órgano promotor.

VI.- Órgano competente.

De conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU (artigo 10.1 dos Estatutos da XMU)

PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de aplicación, e atendendo aso informes técnicos e xurídico que obran no expediente, emitidos en datas 18.01.2017, 24.01.2017, 27.03.2017 e 19.06.2017, respectivamente, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Consello da XMU para a súa elevación á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

«ACORDO

Primeiro: Prestar aprobación ao Convenio expropiatorio polo que o Excmo concello de Vigo e a Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Cabral conveñen a expropiación por mutuo acordo dos bens e dereitos afectados pola execución do "Proxecto de Ampliación do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)" cuxo texto se xunta á presente proposta como Anexo I.

Segundo: Autorizar o gasto por unha cantidade total de 18.446,40 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 151060000002300 do estado de gastos do orzamento municipal deste Concello para o exercicio 2017, cantidade que resulta do mutuo acordo que se materializará coa sinatura do presente documento administrativo.

Terceiro: Seguidamente a súa aprobación polo órgano competente e posterior sinatura levantarase a correspondente acta de pagamento e ocupación, co fin de que teña lugar a transmisión en pleno dominio da titularidade do solo afectado a favor do Excmo. Concello de Vigo. Un exemplar da nomeada acta quedará unida ao presente convenio para garantir o cumprimento do estipulado.

Cuarto: Notificar este acordo e as súas posteriores actuacións para facelo efectivo, á Concellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así como á oficina de Licenzas e aos servizos centrais desta Xerencia municipal de urbanismo .

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estimen máis conveniente.

CONVENIO EXPROPIATORIO PARA A OBTENCIÓN POR MUTUO ACORDO E OCUPACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO FEIRAL (IFEVI) DE VIGO

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ, Concelleira Delegada de Urbanismo do Concello de Vigo e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Doutra, D. LUIS RODRÍGUEZ PÉREZ, con DNI: 35.940.822-X, na súa condición de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral (en diante, CMVMC de Cabral).

INTERVEÑEN

D^a. MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ, en representación do Excmo. Concello de Vigo, de acordo cos nomeamentos e delegacións de competencias realizados mediante Resolucións do Alcalde-Presidente de datas 19.06.2015 e 06.07.2015.

D. LUIS RODRÍGUEZ PÉREZ, en representación da CMVMC de Cabral, na súa calidade de Presidente, cargo que aceptou e para o que foi elixido en Asemblea Xeral Extraordinaria da CMVMC de Cabral de data 17.04.2016, estando na actualidade vixente (xúntase documentación acreditativa).

Ambas partes recoñécense a mutua e legal capacidade para obrigarse a través do seguinte,

CONVENIO EXPROPIATORIO DE ADQUISIÓN POR MUTUO ACORDO E OCUPACIÓN

ANTECEDENTES

1º.- Mediante Resolución de clasificación do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra de data 31.07.1989, foi recoñecida a titularidade do "Monte Cotogrande" a favor da CMVMC de Cabral, cunha superficie aproximada de 120 Has.

Non obstante, en virtude do convenio expropiatorio asinado entre o Concello de Vigo e a CMVMC de Cabral, o Concello de Vigo adquiriu unha parcela de 106.112 m² no marco da retaxación do prezo xusto fixado convencionalmente para a adquisición, por expropiación, da parcela na que se empraza o Pazo de Exposicións e Recinto Feiral de Vigo (aprobado polo Pleno Municipal na sesión do 19 de febreiro de 2003). Esta parcela municipal figura hoxe de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, co número 523, relacionado co revertible 451, do epígrafe 8 –Fundación do Instituto Feiral de Vigo- (acompañase copia autenticada do citado Convenio, do plano anexo ao mesmo e inscrición no Rexistro

Municipal de Bens).

2º.- O día 14.10.2016, o Director xerente do IFEVI, fundación de interese galega, solicitou da Consellería de Economía, Emprego e Industria a tramitación, polo procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de Medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, do proxecto "Ampliación das instalacións do Instituto feiral de Vigo", promovido para tentar dar solución aos problemas de falta de espazo do actual recinto feiral.

O procedemento regulado no dito texto legislativo posibilita, ademais, a obtención dos terreos necesarios para a execución das obras pois, de conformidade co disposto no punto 8 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, se a execución dos proxectos públicos previstos neste artigo conlevase a necesidade de realizar actuacións expropiatorias, terá a condición de administración expropiante e beneficiario da expropiación o concello en cuxo termo municipal se executen as obras. O concello procederá á expropiación dos terreos e á transferencia posterior da súa titularidade ao órgano promotor.

3º.- Neste senso, o nomeado proxecto reflicte, como parcelas afectadas pola ampliación proxectada, as catastrais 231, 339 e 340 do polígono 48, sitas no termo municipal de Vigo, cunha cabida total de 2.890 m², se ben, como seguidamente se exporá, esta relación de parcelas e superficies parte dunha delimitación parcelaria contida nuns planos catastrais que presentan erros.

Así pois, iniciada a súa tramitación, o proxecto de referencia, que tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo o día 28.11.2016 (doc. 160161116), foi informado favorablemente o día 18.01.2017 pola Vicepresidenta da XMU e o día 03.03.2017 foi publicado anuncio no BOP n.º 44 sometendo a información pública a relación de bens e dereitos afectados polo devandito proxecto de ampliación, segundo os datos obrantes no mesmo, en virtude dos que resultaría afectada, como única propietaria, a CMVMC de Cabral.

4º.- Sen embargo, unha vez realizadas as oportunas comprobacións mediante a superposición da planimetría que delimita a propiedade municipal n.º 523 do Inventario municipal de bens e dereitos e a obrante no referido proxecto, observouse que 1.103 m² de solo que figuraban afectados aos efectos expropiatorios, na devandita relación de bens e dereitos, xa son de titularidade municipal e, polo tanto, non pertencen á CMVMC de Cabral, como erroneamente sinala o proxecto (que parte dunha delimitación catastral errónea da parcela municipal).

Feitas as procedentes correccións, as partes recoñecen que a relación de bens e dereitos afectados debe establecerse da seguinte maneira:

Situación	Referencia Castral	Superficie afectada	Titularidade
Peinador	54057A 048002320000AL*	1.615 m ²	CMVMC de Cabral
Peinador	54057A 048003390000AJ*	200 m ²	CMVMC de Cabral
Peinador	54057A 048003400000AX*	46 m ²	CMVMC de Cabral
Peinador	Sen referencia catastral (figura como "camiño" no Catastro Inmobiliario)	91 m ²	CMVMC de Cabral

*afectada parcialmente

As parcelas afectadas forman parte da finca inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 2 de Vigo, ao Libro 144, Folio 46, finca n.º 12.257.

Xúntase tamén ao presente convenio expropiatorio, o nomeado plano de superposición no que se reflicten os terreos a expropiar segundo o proxecto de ampliación formulado e á realidade xurídica das parcelas afectadas, que é a seguinte:

1) Parcela ref. catastral 54057A 048002320000AL: exprópiase parcialmente

Natureza: rústica

Situación: Peinador-Cabral

Parcela catastral matriz:

-Superficie: 13.517 m²

-Lindeiros: norte, camiño; sur, camiño de Cotogrande; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño.

Porción expropiada:

-Superficie: 1.615 m²

-Lindeiros: norte, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e finca catastral matriz; sur, camiño de Cotogrande (parcela sen referencia catastral das expropiadas) e Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo); leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, finca catastral matriz.

Matriz unha vez segregada a superficie expropiada:

-Superficie: 12.067 m²

-Lindeiros: norte, camiño; sur, camiño de Cotogrande; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño

2) Parcela ref. catastral 54057A0483390000AJ: exprópiase parcialmente

Natureza: rústica

Situación: Peinador-Cabral

Parcela catastral matriz:

-Superficie: 27.607 m²

-Lindeiros: norte, camiño de Cotogrande; sur, termina en punta, camiño; leste, camiño e oeste, camiño

Porción expropiada:

-Superficie: 200 m²

-Lindeiros: norte, camiño sen referencia catastral afectado pola expropiación; sur, finca catastral matriz; leste, camiño sen referencia catastral afectado pola expropiación e oeste, termina en punta-finca catastral matriz.

Matriz unha vez segregada a superficie expropiada:

-Superficie: 27.407 m²

-Lindeiros: norte, camiño de fincas; sur, camiño de Cotogrande; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño

3) Parcela ref. catastral 54057A048000340000AX: exprópiase parcialmente

Natureza: rústica

Situación: Peinador-Cabral

Parcela catastral matriz:

-Superficie: 24.695 m²

-Lindeiros: norte, camiño e Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo); sur, camiño; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño

Porción expropiada:

-Superficie: 46 m²

-Lindeiros: norte, camiño sen referencia catastral afectado pola expropiación; sur, finca matriz catastral; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño sen referencia catastral afectado pola expropiación

Matriz unha vez segregada a superficie expropiada:

-Superficie: 24.649 m²

-Lindeiros: norte, camiño; sur, camiño; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño

4) Parcela ref. catastral: sen referencia catastral (figura como camiño)

Natureza: rústica

Situación: Peinador-Cabral

Superficie: 91 m²

Lindeiros: norte, parcela catastral 54057A 048002320000AL; sur, parcelas catastrais 54057A0483390000AJ e 54057A048000340000AX e camiño sen referencia catastral afectado pola expropiación; leste, Concello de Vigo (Fundación do Instituto Feiral de Vigo) e oeste, camiño e parcela catastral 54057A0483390000AJ

5º.- Tendo en conta que o convenio expropiatorio ten por finalidade concretar o valor dos bens que son ou vaian a ser obxecto de expropiación (S.TS 16-II-2007, reiterando a doutrina recollida en S. 13-VII-1987, 1-X-1991, 4-V-1998, 22-III e 30-IV-1999 e S. TSXG 16-XI-2016), trátase dun acto administrativo específico que pon fin ao expediente, de conformidade co artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa e, por iso, a súa función é poñer fin ao expediente por mutuo acordo na adquisición dos bens consonte o citado artigo da Lei de Expropiación Forzosa, obrigando á Administración e ao expropiado pola vinculación de ambos aos seus actos propios.

Por iso, e en base ao disposto nos artigos 24 da Lei de Expropiación Forzosa e 5.2.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, ambas partes:

CONVEÑEN

PRIMEIRO.- O Excmo. Concello de Vigo e a CMVMC de Cabral conveñen a expropiación por mutuo acordo dos bens e dereitos afectados pola execución do "Proxecto de Ampliación do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI)" promovido, a instancias da Fundación Instituto Feiral de Vigo, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, e que figuran referenciados no antecedente cuarto do presente Convenio e no plano incorporado ao mesmo como anexo nº 2, e que son as seguintes:

Situación	Referencia Castral	Superficie afectada	Titularidade
Peinador	54057A 048002320000AL *	1.615 m ²	CMVMC de Cabral
Peinador	54057A 048003390000AJ*	200 m ²	CMVMC de Cabral
Peinador	54057A 048003400000AX*	46 m ²	CMVMC de Cabral
Peinador	Sen referencia catastral (figura como "camiño" no Catastro Inmobiliario)	91 m ²	CMVMC de Cabral

*afectada parcialmente

As partes recoñecen que a configuración, superficie e lindeiros das ditas parcelas son as que se consignan no presente convenio e planos adxuntos.

A adquisición realízase libre de toda carga e gravame, arrendatario ou ocupante.

SEGUNDO.- O prezo xusto expropiatorio, fixado en función dos prezos determinados no "Proxecto de Ampliación do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)" cuxa execución se pretende, é o de 9,45 €/m² de solo, resultando un prezo xusto total de DEZA OITO MIL CATROCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (18.446,40 €), partida alzada na que se inclúen todos os conceptos indemnizatorios (incluído o 5% do premio de afección). A CMVMC de Cabral renuncia á interposición de calquera acción que, en relación con este procedemento, poderá corresponderlle, incluída calquera manifestación de desconformidade ou acción administrativa ou legal sobre o prezo xusto aquí fixado.

TERCEIRO.- Ambas partes conveñen en que, sendo o seu interese colaborar na máis áxil transmisión da titularidade do solo co fin de dar resposta á urxencia do proxecto promovido polo IFEVI e tramitado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, levantarase a acta de pagamento e ocupación seguidamente á aprobación e sinatura do presente convenio, co fin de que se ultimen os trámites para que teña lugar a transmisión en pleno dominio da titularidade do solo afectado a favor do Excmo. Concello de Vigo. Un exemplar da nomeada acta quedará unida a este convenio para garantir o cumprimento do estipulado.

CUARTO.- Sendo a causa do presente Convenio Expropiatorio a execución do "Proxecto de Ampliación do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)" que se tramita pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, procederá o dereito de reversión cando concorra algún dos supostos legalmente previstos para o seu recoñecemento e previo aboamento, polo expropiado, da cantidade calculada de oficio de acordo cos artigos 55 do LEF e correlativos.

QUINTO.- As partes asinantes do presente Convenio Expropiatorio, comprométense a cumprilo ben e fielmente, e a outorgar cantos documentos públicos ou privados fosen necesarios para a súa plena efectividade, facilitando a ocupación efectiva dos mesmos e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, a cuxo efecto subscribirán e aportarán cantos documentos sexan necesarios a tal efecto segundo o dito organismo.

SEXTO.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para resolver as controversias que podan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

SÉTIMO.- E como proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo estendido sobre seis follas, por cuaduplicado exemplar, previa a súa lectura polo Secretario desta XMU, a cuxo contido non se formulou obxección ou alegación ningunha

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 22/06/17, acordou "acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez